

caso, solucionalo. Os electores deberán levar a cabo as ditas medidas.

Disposición transitoria primeira. *Comisión electoral.*

As facultades que, en materia electoral, se atribúen á Xunta Electoral neste real decreto, posúiraas, nas primeiras eleccións que se convoquen, unha comisión electoral constituída para o efecto por un representante de cada unha das asociacións profesionais da Garda Civil legalmente constituídas na data da convocatoria, e que así o soliciten, e igual número de representantes da Administración. A comisión electoral rexeráse polas normas reguladoras da Xunta Electoral que sexan aplicables.

Na convocatoria electoral poderase establecer un número máximo de compoñentes na comisión electoral.

Será incompatible coa pertenza á comisión electoral presentarse como candidato.

As actuacións que realicen os membros da Garda Civil, na súa condición de compoñentes nesta comisión electoral, terán a consideración de acto de servizo.

Os representantes da Administración nesta comisión electoral serán nomeados polo ministro do Interior.

Disposición transitoria segunda. *Espazos para propaganda electoral nas primeiras eleccións.*

Nas primeiras eleccións que se realicen, a distribución de espazo para colocar propaganda electoral, nos lugares reservados para iso, a que se refire o artigo 18.2, realízase de forma equitativa entre as listas das candidaturas existentes que solicitasen, expresamente, a reserva de espazo neses lugares.

Disposición transitoria terceira. *Renovación dos membros do Consello Asesor de Persoal.*

Non se realizará a renovación que correspondese facer no ano 2008 aos membros do Consello Asesor de Persoal, conforme o estipulado no artigo 9 do Real decreto 4/2002, do 11 de xaneiro, polo que se determina a composición, funcionamento e procedemento de elección dos membros do Consello Asesor de Persoal do Corpo da Garda Civil e o réxime aplicable a estes, prorrogando o seu mandato ata a constitución do Consello da Garda Civil, momento a partir do cal o Consello Asesor de Persoal quedará extinguido.

Disposición transitoria cuarta. *Convocatoria das primeiras eleccións.*

As primeiras eleccións para elixir os representantes dos membros do corpo da Garda Civil serán convocadas polo Ministerio do Interior mediante orde ministerial que se publicará no «Boletín Oficial del Estado» e que incorporará, entre outros aspectos, a data das eleccións, que deberán ter lugar entre un e tres meses despois da publicación oficial da convocatoria, a concreción dos puntos de votación da circunscrición nacional, a duración da campaña electoral, o número de vogais que se van elixir en aplicación do artigo 53.1 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, e o horario establecido para efectuar a votación, así como calquera outro trámite preciso para realizar as eleccións ao Consello da Garda Civil.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para desenvolvemento.*

Habilítase o ministro do Interior para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL E DEPORTE

19274 *REAL DECRETO 1964/2008, do 28 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes.* («BOE» 288, do 29-11-2008.)

A provisión de prazas en centros públicos, mediante concurso de traslados, polos funcionarios de carreira dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de catedráticos e profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño, de profesores técnicos de formación profesional, de mestres de taller de artes plásticas e deseño, de inspectores ao servizo da Administración educativa e de inspectores de educación, réxese polo Real decreto 895/1989, do 14 de xullo, polo que se regula a provisión de postos de traballo en centros públicos de preescolar, educación xeral básica e educación especial, modificado polo Real decreto 1664/1991, do 8 de novembro, así como polo Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes.

A promulgación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, supuxo, entre outras moitas, unha modificación na ordenación da función pública docente ao regular a incorporación de tres novos corpos docentes, os corpos de catedráticos de ensino secundario, de catedráticos de artes plásticas e deseño e de catedráticos de escolas oficiais de idiomas, corpos en que se integran os funcionarios dos respectivos corpos de profesores coa condición de catedrático.

Realizada esa integración e tendo en conta que, de conformidade co establecido nos números 3 e 5 da disposición adicional oitava da citada lei, esta fíxose efectiva nos mesmos postos que tiñan asignados no momento de se producir, que se incorporaron aos novos corpos coa antigüidade que tiñan na condición de catedrático nos seus respectivos corpos e que estes funcionarios deberán participar nos concursos de provisión de postos conxuntamente cos funcionarios dos corpos de profesores dos niveis correspondentes, ás mesmas prazas vacantes, faise necesario ter en conta estas circunstancias para os efectos de garantir a mobilidade destes funcionarios mediante a súa participación nos concursos de provisión de postos.

Doutra parte, o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de edu-

cación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, na súa disposición transitoria segunda, número 2, crea a especialidade de primaria no corpo de mestres, especialidade que se engade ás vixentes neste corpo docente, o que supón a necesidade de recoller a incidencia que a creación desta especialidade ten na cobertura das prazas do citado corpo de mestres mediante o correspondente procedemento de provisión de postos.

Tendo en conta que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no número 3 da súa disposición adicional sexta establece que periodicamente as administracións educativas convocarán concursos de traslados de ámbito estatal, en que poderán participar todos os funcionarios públicos docentes, calquera que sexa a Administración educativa de que dependan ou pola que ingresasen, sempre que reúnan os requisitos xerais e os específicos que, de acordo cos respectivos cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, establezan as ditas convocatorias.

Non téndose realizado aínda unha regulación da mobilidade mediante concurso de traslados, dos funcionarios dos corpos docentes a que se refire a LOE, adaptada aos principios desa lei e ás normas do seu desenvolvemento, e ante a necesidade de proceder á convocatoria de novos concursos de traslados, faise preciso modificar en certos aspectos concretos o Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de postos correspondentes aos corpos docentes.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas na Comisión de Persoal da Conferencia Sectorial de Educación e emitiu informe a Comisión Superior de Persoal e emitiu ditame o Consello Escolar do Estado,

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Política Social e Deporte, coa aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2008.

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes.*

Un. O artigo 1 queda redactado nos seguintes termos:

«As administracións públicas educativas competentes convocarán concursos de traslados de ámbito nacional cada dous anos para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes.

Estes concursos realizaranse de maneira coordinada de forma que os interesados poidan participar en todos eles cun só acto e que da súa resolución non se poida obter máis que un único destino nun mesmo corpo.

As convocatorias publicaranse íntegras nos boletíns ou diarios oficiais das comunidades autónomas convocantes. Un extracto delas inserirase no «Boletín Oficial del Estado».

Dous. O artigo 5.1 queda redactado nos seguintes termos:

«No primeiro trimestre do curso escolar en que se vaian realizar estes concursos, con carácter previo á súa convocatoria, o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, logo de consulta coas administracións educativas das comunidades autónomas que estean no pleno exercicio das súas competencias

educativas, establecerá as normas procedementais necesarias para permitir a súa realización coordinada co fin de asegurar a efectiva participación en condicións de igualdade de todos os funcionarios públicos docentes. Estas normas referiranse aos prazos comúns a que se deben axustar as convocatorias, ao modelo básico de instancia, ao contido do extracto que hai que publicar no «Boletín Oficial del Estado» e ás datas en que terá lugar a toma de posesión dos destinos adxudicados pola resolución das convocatorias, e determinarán igualmente o baremo único de méritos que deberán conter».

Tres. O anexo II do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes, queda modificado nos seguintes termos.

1. A rúbrica do anexo II queda redactada nos seguintes termos:

«ANEXO II

Especificacións a que se deben axustar os baremos de prioridades na adxudicación de destinos, por medio de concurso de ámbito nacional, nos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, de catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres de taller de artes plásticas e deseño»

2. O encabezamento do punto I do anexo II queda redactado nos seguintes termos:

«1. Méritos expresamente indicados na disposición adicional sexta, número 3, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).»

3. O número 1 do punto I do anexo II queda redactado nos seguintes termos:

«1. Corpos de catedráticos:

a) Por ser funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño: 6,00 puntos.

b) Por cada ano de antigüidade no corpo de catedrático: 0,50 puntos.

Para estes efectos, a antigüidade no corpo de catedráticos, con anterioridade á integración nos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, será a que tiñan na condición de catedrático.»

4. As letras b) e c) do número 2 do punto I do anexo II quedan redactadas nos seguintes termos:

«b) Por cada ano de servizos efectivos como funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes a que se refire a LOE do mesmo ou superior subgrupo: 1,50 puntos.

c) Por cada ano de servizos efectivos como funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes a que se refire a LOE de subgrupo inferior: 0,75 puntos.

5. Engádesse ao final do número 2 do punto I do anexo II o seguinte texto:

«Nos supostos previstos neste número 2, aos funcionarios dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, para os efectos de antigüidade tanto no corpo como no posto, valoráranse os servizos prestados como funcionarios de carreira dos correspondentes corpos de profesores, así como os presta-

dos como funcionarios de carreira dos antigos corpos de catedráticos de bacharelato, de catedráticos de escolas oficiais de idiomas e de profesores de termo de escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.»

6. Engádesse un parágrafo ao final da letra a) do número 3 do punto I do anexo II, redactado nos seguintes termos:

«No caso dos funcionarios dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, as referencias ao doutoramento e premio extraordinario entenderanse referidas ás titulacións alegadas para o ingreso nos correspondentes corpos de profesores desde o que ingresaron ou, de ser o caso, ás alegadas para o ingreso nos antigos corpos de catedráticos numerarios de bacharelato, catedráticos de escolas oficiais de idiomas e profesores de termo de escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.»

7. Engádesse un parágrafo ao final do punto II do anexo II, redactado nos seguintes termos:

«No caso de funcionarios de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de catedráticos de escolas oficiais de idiomas e de catedráticos de artes plásticas e deseño, teranse en conta os servizos prestados neses cargos como funcionarios de carreira dos correspondentes corpos de profesores, con anterioridade á integración, incluídos os prestados como funcionarios dos antigos corpos de catedráticos de bacharelato, catedráticos de escolas oficiais de idiomas e profesores de termo de escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.»

Disposición transitoria única. *Participación dos funcionarios do corpo de mestres no próximo concurso de traslados de ámbito estatal.*

A participación dos funcionarios do corpo de mestres no primeiro concurso de traslados de ámbito estatal convocado a partir da entrada en vigor deste real decreto rexerese polas seguintes regras:

a) Os funcionarios docentes de carreira do corpo de mestres que superasen os procedementos selectivos de ingreso convocados polas distintas administracións educativas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto poderán participar no concurso de traslados de ámbito estatal nas mesmas condicións en que o viñan facendo nos anteriores procedementos de provisión de postos.

b) Malia o disposto na letra anterior, os funcionarios do corpo de mestres que superaron os procedementos selectivos de ingreso convocados polas distintas administracións educativas ao abeiro do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, obterán o seu primeiro destino definitivo na Administración educativa pola que participaron e superaron o correspondente proceso selectivo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das competencias que atribúen ao Estado as regras 1.^a, 18.^a e 30.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Política Social e Deporte,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19279 *REAL DECRETO 1978/2008, do 28 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 337/2004, do 27 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 28/2003, do 29 de setembro, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social. («BOE» 288, do 29-11-2008.)*

A Lei 28/2003, do 29 de setembro, procedeu a regular o Fondo de Reserva da Seguridade Social, e completou a previsión sobre a constitución do dito Fondo contida no número 1 do artigo 91 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño. A Lei 28/2003, do 29 de setembro, foi obxecto do correspondente desenvolvemento regulamentario a través do Real decreto 337/2004, do 27 de febreiro.

O tempo transcorrido desde a entrada en vigor da Lei 28/2003, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social, así como a dimensión alcanzada por este desde a súa dotación inicial, aconsellan establecer mecanismos que contribúan a axilizar a súa xestión, cumprindo sempre cos criterios de seguranza, rendibilidade e diversificación e as disposicións da súa lei reguladora, para cuxo fin se procede á modificación do artigo 4 do Real decreto 337/2004, do 27 de febreiro, para facilitar a xestión do Fondo ante situacións ordinarias que se presentan na administración dos investimentos financeiros en que se encontra materializado.

A habilitación legal para iso está recollida no artigo 6 da Lei 28/2003, do 29 de setembro, que atribúe ao Comité de Xestión do Fondo de Reserva, entre outras funcións, a de alleamento de activos financeiros que o integren e demais actuacións que os mercados financeiros aconsellen.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración e do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2008,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 337/2004, do 27 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 28/2003, do 29 de setembro, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social.*

O artigo 4 do Real decreto 337/2004, do 27 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 28/2003, do 29 de setembro, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Xestión financeira do Fondo de Reserva.*

1. A xestión do Fondo de Reserva da Seguridade Social efectuaráa a Tesouraría Xeral da Seguridade Social conforme o establecido na Lei 28/2003, do 29